



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA**

27 DE XULLO DE 2022

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 14:30 horas do día 27 de xullo de 2022, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Dona Marina Ramudo Graña

Dona Ana Belén Seco Morado

Don César Valiña Irimia

Dona Carmen Paz Rodríguez

Dona Ana Domínguez Barreiro

Secretario:

Don José Antonio Mourelle Cillero

AUSENTES

Don José Luis Ramudo Andión,

Dona Sonia Cervantes Rivas,





A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.- Renuncia do Concelleiro do Partido Popular don Artemio Carballés Fernández.

Polo señor Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da proposta de Alcaldía que di textualmente:

“Proposta de declaración de vacante por renuncia ao cargo de Concelleiro de Artemio Gustavo Carballés Fernández.

Tras ver o escrito presentado en data vinte e sete de maio de dous mil vinte e dous, polo señor Concelleiro e portavoz do grupo municipal do Partido Popular desta Corporación, Artemio Gustavo Carballés Fernández, membro do Grupo Municipal do Partido Popular, polo que manifesta a súa renuncia ó cargo de Concelleiro.

Resultando que de conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, do 28 de novembro), a renuncia é causa de perda da condición de Concelleiro.

Considerando que a declaración de vacante é competencia do Pleno; e de conformidade coa Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante. Debendo comunicarse tal evento á Xunta Electoral de Zona, para os efectos de proceder a cubrir a vacante na forma prevista no art. 208.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Vistos os artigos citados, e informe xurídico que obra no expediente, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular presentada por Artemio Gustavo Carballés Fernández.

2º.- Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo do Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular presentada por Artemio Gustavo Carballés Fernández; correspondendo cubrir a vacante, a xuízo desta Corporación, a Enrique Rodríguez Rodríguez, por ser o seguinte na lista do Partido Popular nas pasadas Eleccións Locais do 26 de maio de 2019, de conformidade e co art. 15.2 da Lei Electoral, cesan no seu mandato cen días despois das eleccións, comunicalo á Xunta Electoral Central, para a súa provisión legal.”

Ponse o asunto a votación e por **unanimidade**, acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.





2. Aprobación definitiva da Conta Xeral 2021.

Polo señor Alcalde dase conta da Proposta de Alcaldía que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Aprobación Conta Xeral 2021

Vista a Conta Xeral do Exercicio 2021, xunto con toda a documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que a Intervención Municipal procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2021, xuntamente con toda a documentación anexa á mesma.

Visto que se finalizaron devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Secretaría - Intervención municipal procedeu a emitir en data 10 de maio de 2022 os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 13 de maio de 2022, emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta Corporación relativa ao exercicio 2021.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 129, de data 7 de xuño de 2022 a Conta Xeral – xunto con toda a documentación- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade co contido da certificación librada pola Secretaría – Intervención desta Corporación, durante o prazo de exposición ao público da devandita Conta non se presentaron reclamacións, reparos nin observacións.

En virtude da atribución recollida nos artigos 22.2 e) e i) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobado definitivamente a Conta Xeral do exercicio 2021.

SEGUNDO. Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade





Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.”

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado.

3. Modificación do texto refundido da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame.

Polo señor Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da proposta de Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

En relación coa tramitación do expediente iniciado co fin de acordar a modificación do texto refundido da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame, unha vez analizados os seguintes documentos:

1º.- Informe xurídico da Secretaría de Intervención (Comisionado), datado do 21 de xullo de 2022, que figura no expediente.

Propoño que o Pleno do Concello de Pol adopte as seguintes resolucións:

PRIMEIRA: *Aprobar provisionalmente a modificación do texto refundido da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame ,que se inclúe no anexo I deste acordo, cuxa redacción se converte na indicada no dito anexo.*

SEGUNDO: *Expoñer este acordo ao público nos lugares indicados no artigo 17 do TRLFL por un prazo de 30 días hábiles para que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que consideren oportunas.*

TERCEIRO: *No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, que se acreditará mediante certificación de Secretaría, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en unión do texto íntegro modificado das respectivas ordenanzas fiscais.*

CUARTO: *Que se continúen os demais trámites do expediente.*





ANEXO I

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 d a Constitución e polo artigo 106 de a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 da citada Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2º.- Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible da Taxa a actividade técnica e administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou de que entenda esta Administración ou as Autoridades Municipais, incluídos:

- *A actividade desenvolvida pola tramitación de licenzas de obras para utilizacións privativas e aproveitamentos especiais do dominio público, que non se xestionen pola Xerencia Municipal de Urbanismo conforme ás competencias atribuídas.*
- *As certificacións estendidas a través do Punto de Información Catastral, en caso de habelo.*

A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que sexa provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non medie solicitude expresa do interesado.

Non está suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 de a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que





soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º.- Exencións

Estarán exentos desta taxa de expedición de documentos que se tramiten pola Sección de Servizos Sociais Básicos deste Concello e que teñan calquera das seguintes finalidades:

- ***Axudas que poida conceder este Concello para:***
 - *Emerxencia Social.*
 - *Unidades convivenciais (maiores, discapacitados e menores) integradas no Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais.*
- ***Prestacións que se poden conceder por outras Administracións para:***
 - *Axudas Económicas Básicas.*
 - *Pensións non contributivas.*
- ***Informes ou certificados para:***
 - *Quendas de oficio de Avogados e Procuradores.*
 - *Gratuidade de asistencia médico-hospitalaria.*
 - *Acreditar as axudas que polos conceptos que anteceden se concederon por este Concello.*
- ***Informes ou certificados para:***
 - *Completar os expedientes das subvencións que as Asociacións sen fins de lucro poidan solicitar.*

Artigo 5º.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa ou proporcional sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo ca tarifa que contén o artigo seguinte.

A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación até a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Artigo 6º.- Tarifa

A Tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Epígrafe Primeiro.- Censos de poboación de habitantes	Euros
<i>Certificacións de empadramento, convivencia e residencia</i>	2,00
<i>Informe de Alcaldía</i>	10,00
<i>Certificacións sobre datos de padrón de habitantes sen soporte informático</i>	5,00
Epígrafe Segundo.- Certificacións e informes	
<i>Acordos e documentos relativos ao último quinquenio</i>	15,00
<i>Certificacións de Secretaría</i>	10,00
<i>Informes de Alcaldía</i>	10,00
<i>Documentación gráfica catastral (por ficha)</i>	1,00
<i>Informe de tributos municipais (por informe)</i>	1,00
<i>Outros non tarifados expresamente</i>	30,00
Epígrafe Terceiro.- Expedición de licencias, autorizacións e documentación urbanística	
<i>Cambios de titularidade</i>	100,00
<i>Certificacións e informes urbanísticos</i>	50,00
<i>Licencias de primeira ocupación:</i>	
- <i>Vivendas</i>	60,00
- <i>Instalacións comerciais ou industriais</i>	80,00
- <i>Outras</i>	30,00
<i>Licencias de obras, comunicacións previas de obras e modificados de proxecto</i>	30,00
<i>Licencias de segregación e regularización de lindeiros</i>	150,00
<i>Cambios de uso urbanístico sen obras</i>	75,00
<i>Declaracións de ruína</i>	90,00
Epígrafe Cuarto.- Outros documentos	
<i>Bastanteo de poderes</i>	50,00
<i>Compulsa de documentos (por páxina)</i>	0,60
<i>Dilixencia e certificados de exposición de edictos a instancia de parte ou relativos a expedientes tramitados a instancia de parte interesada</i>	10,00
<i>Por copia ou impresión de documentos:</i>	
- <i>Tamaño A4 en branco e negro</i>	0,10
- <i>Tamaño A4 en color</i>	0,50
- <i>Tamaño A3 en branco e negro</i>	0,20
- <i>Tamaño A3 en color</i>	1,00
<i>Por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito desta ordenanza e non apareza especificada nestas tarifas, esixirase unha tarifa mínima de</i>	60,00

Artigo 7º.- Devindicación





Devindícase a taxa e nace a obrigaón de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

A solicitude non se tramitará mentres non se faga efectivo o importe da taxa por calquera das modalidades establecidas nesta Ordenanza.

Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, a devindicación prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou mesmo si aquel escrito non existise ou a solicitude non fóra expresa. Tal sistema poderase substituír por ingreso na Tesouraría Municipal, naqueles casos en que a cota sexa variable en función dos elementos a considerar.

As diferenzas que puidesen resultar por aplicación entre as cotas, unha vez comprobado o servizo, e os ingresos realizados por autoliquidación, esixiranse antes da retirada do documento solicitado.

As cotas correspondentes aos certificados emitidos a través do Punto de Información Catastral, de existir este, ingresáseno no momento de ser retirados estes na Oficina do Rexistro e Atención Cidadá mediante selo municipal, que se adherirá á solicitude do documento.

Artigo 9º.- Desistimento

En xeral, en caso de desistimento formulado polo solicitante con anterioridade á prestación do servizo, as cotas desta Ordenanza reduciranse ao 25%, procedéndose á devolución do 75% restante, previa solicitude formal e resolución do órgano local competente.

Disposición Final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.”

Ponse o asunto a votación e por **unanimidade**, acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.





4. Declarar como estradas municipais as vías comprendida entre a estrada LU-760 e a pista do Fontao, e vía comprendida entre a anterior e Outeiro, ambas na parroquia de Valonga.

Polo señor Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da proposta de Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO MUNICIPAL

Co fin de mellorar as vías municipais situadas entre:

- *LU-760 e a pista do Fontao.*
- *LU-760/pista do Fonta e O Outeiro.*
- *LU-P-4602 e o cruce da cooperativa e Ventín*

Esta Alcaldía propón o cambio de denominación das citas vías, pasando a ser ESTRADAS MUNICIPAIS, cambio condicionado á emisión de informes técnicos e xurídicos favorables.”

Sométese o asunto a votación e con 5 votos a favor (PSOE) e 1 abstención (BNG) acórdase a adopción do acordo proposto pola Alcaldía.

5. Declarar como estrada municipal a vía comprendida entre a estrada LU-P-4602 e a vía que vai ata o cruce da cooperativa e Ventín.

Polo señor Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da proposta de Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO MUNICIPAL

Co fin de mellorar as vías municipais situadas entre:

- *LU-760 e a pista do Fontao.*
- *LU-760/pista do Fonta e O Outeiro.*
- *LU-P-4602 e o cruce da cooperativa e Ventín*

Esta Alcaldía propón o cambio de denominación das citas vías, pasando a ser ESTRADAS MUNICIPAIS, cambio condicionado á emisión de informes técnicos e xurídicos favorables.”

Sométese o asunto a votación e con 5 votos a favor (PSOE) e 1 abstención (BNG) acórdase a adopción do acordo proposto pola Alcaldía.





6. Xestión directa do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Polo señor Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da proposta de Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO MUNICIPAL

Ao abeiro dos acontecementos surxidos entorno á prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Pol, e en base no informe emitido polo Secretario-Interventor, comisionado, do seguinte tenor literal:

“Informe xurídico Xestión directa do SAF

Pola Alcaldía presidencia, se solicita informe a este Secretario respecto da proposta de xestión directa do servizo de axuda no fogar, en cumprimento das previsións do decreto 128/2018 do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional emito o presente en atención ós seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.- *O servizo de axuda no fogar vense prestando neste Concello dende antes de 1989. En agosto do ano 2020 por parte da alcaldía enténdese necesario proceder á contratación do servizo de axuda no fogar a través dun contrato administrativo, debido a que os efectivos de persoal existentes resultan insuficientes.*

Segundo.- *Licítase o servizo resultando adxudicataria do mesmo a empresa ASANIS GALICIA, S.L. que asina contrato de prestación de servizos en data 22 de decembro de 2020. A instancia da empresa resólvese o contrato mediante acordo do Pleno Municipal de data 20 de xullo de 2021 e con efectos 31 de xullo do mesmo ano.*

Terceiro.- *Como consecuencia da resolución contractual e a fin de seguir prestando o servizo do SAF este Concello asina un Convenio de colaboración con Tragsa que, provisionalmente, se fai cargo do servizo polo período de seis meses prorrogables por outros seis. Dito encargo foi prestado polo medio propio, cedido pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, entre o 1 de agosto de 2021 e o 28 de febreiro de 2022.*

Cuarto.- *A fin de resolver a situación transitoria levouse a cabo unha nova licitación, da que resultou adxudicataria a empresa IDADE DE OURO, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L., que comezou a prestar o servizo o día 1 de marzo do presente ano.*





Quinto.- No mes de abril recíbese no Concello, resolución do TACGAL (Tribunal Administrativo de contratación pública) da Comunidade Autónoma de Galicia, ante o recurso interposto polo licitador PROTECCION GERIATRICA 2005 SL (empresa que ocupaba o segundo posto na licitación realizada no ano 2022) contra a adxudicación e formalización do contrata para a prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Pol, e resolve estimar o recurso interposto por dita empresa.

Considerados ditos antecedentes, pola alcaldía presidencia solicitouse informe coa finalidade de proceder á xestión directa do servizo de axuda no fogar, manifestando que se trata dun servizo esencial do que se debe de garantir a súa prestación sen solución de continuidade, segundo os estándares esixidos pola Xunta de Galicia, regularizando, así mesmo, a situación do servizo tras os diferentes intentos para a prestación do mesmo mediante os mecanismos previstos na lei de contratos do Sector público.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei de bases do réxime local e disposicións de desenvolvemento 7/1985 .
- Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais 2568/1986.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- SOBRE A MODALIDADE DE XESTIÓN PROPOSTA POLA ALCALDÍA:

De acordo coas previsións do artigo 85 da LRBRL, a proposta do Alcalde Presidente deste Concello, respecto da xestión directa do SAF, resulta coincidente con un dos mecanismos posibles de xestión do servizo, resulta, así mesmo, a forma natural de xestión e execución dos servizos cando se dispón dos medios precisos para a correcta satisfacción do interese público.

Respecto da prestación material do servizo, como é coñecido, resulta unha competencia das Entidades Locais como consecuencia da atribución realizada pola lexislación sectorial autonómica, e así mesmo por corresponderse cun servizo que se ven prestando de xeito ininterrompido nos termos sinalados nos antecedentes.

Resulta obrigado facer mención á principal consecuencia da xestión directa, que supón dende o respecto á normativa laboral e á múltiple xurisprudencia que ocupa os supostos de sucesión de empresa e subrogación o retorno e asunción do persoal que presta o servizo con conservación inicial do seu contrato, dereitos e condicións laborais que teñan adquiridos, en consecuencia, deberán de realizarse os axustes orzamentarios que resulten precisos, e de igual xeito de ser preciso, a adaptación dos instrumentos técnicos de xestión do persoal, para que todos eles permitan a prestación do servizo de xeito coherente coa organización municipal, tanto no aspecto económico orzamentario, como no que afecta aos recursos humanos .

Respecto dos medios materiais e técnicos afectos ao servizo, deberá comunicarse á empresa que actualmente presta o servizo, a obriga da devolución dos medios municipais que lle foron cedidos para a prestación do servizo.

2.- SOBRE O PROCEDIMENTO E A COMPETENCIA:





O acordo que se adopte para a xestión directa, toda vez que supón o retorno a forma “ordinaria” de xestión, cando se dispón dos medios precisos, unicamente require, ademais dos axustes económicos e organizativos que puideran resultar necesarios, a adopción do acordo polo pleno municipal con maioría cualificada dado que o artigo 47.2 k) da LRBRL esixe maioría absoluta para os casos de “...aprobación da forma concreta de xestión do servizo correspondente”, polo que o presente informe se emite, así mesmo, con carácter preceptivo ó abeiro das previsións do regulamento 128/2018 RFHN.

3º.- SOBRE A MODIFICACIÓN DA PLANTILLA

Non estando contempladas as prazas no cadro de persoal para a anualidade de 2022, deberá procederse á modificación da mesma, procedendo a modificación do orzamento, debendo de incorporarse a listaxe de persoal a asumir polo Concello de Pol.

4º.- NOTIFICACIÓN

O acordo adoptado deberá notificarse a empresa IDADE DE OURO, SERVIZOS SOCIOSANITARIOS, S.L., con indicación dos prazos para a finalización do contrato.

3.- CONCLUSIÓN

Resulta axustada a dereito a proposta de xestión directa do servizo de axuda no fogar, correspondendo ao Pleno Municipal, por maioría absoluta, a adopción do acordo no tanto que determina o modo de xestión do referido servizo municipal .

É canto procede informar.”

Propoño ao Pleno Municipal acordar a xestión directa do servizo de axuda no fogar por parte do Concello de POL, así como iniciar o expediente de modificación orzamentaria e da plantilla necesario para dar cabida á mesma.”

Ponse o asunto a votación e por **unanimidade**, acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.

E non tendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde-Presidente levántase a sesión sendo as 14:43 horas do día da data, de todo o que eu, Secretario-Interventor, comisionado, dou fe.

